

# CASA DOS ESPELLOS

Revista poliédrica da cultura galega nº 3 - Xul.  
2020





# CASA DOS ESPELLOS

Revista poliédrica da cultura galega

EDITA



Betanzos  
ISSN 2603-9583

## COORDINA

Ángel Arcay Barral

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

## COLABORACIONES

Ángel Arcay Barral  
Carlos Barja Márquez  
Erea Blanco Balvís  
Fanny Bourdón Fernández  
Paula Cousillas Pena

Adrián Feijoo Sánchez  
Sara Fraga Pérez  
Jesús Manuel García Díaz  
Miguel Giadás Quintela  
Fátima López Freire  
Sara Pajón Soto

Fran Quiroga  
Juan Antonio Rodríguez Arnao  
Daniel Lucas Teijeiro Mosquera  
Xesús Torres Regueiro  
Ricardo Varela Fernández

## COMITE CIENTIFICO

Pilar Cagiao Vila (Universidade de Santiago de Compostela)  
Adrián Feijoo Sánchez (Universidade Santiago de Compostela)  
Carlota González Míguez (Asociación de Amigos del Parque del Pasatiempo)  
David Martín López (Universidad de Granada)  
Ernesto Vázquez-Rey (Universidade da Coruña)  
José Manuel Rey Bao (IES Francisco Aguiar)

Julián Ferrer García (IES Francisco Aguiar)  
Patrizia Granziera Ceotto (Universidad Autónoma del Estado de Morelos)  
Paz Moreno Felú (Universidad Nacional de Educación a Distancia)  
Uxia Cagiao Teijo (IES Francisco Aguiar)  
Xosé Luís Mosquera Camba (IES Francisco Aguiar)

## COMITE TECNICO

Lucía Díaz Vilariño

Paula Cousillas Pena

Noelia Fraga Pérez

Jose Souto Santé

## DESEÑO E ILUSTRACIONES

Axóuxeres e chisqueiros, Yosune Duo Suárez, Gaila Louro, Arkaitz Rodríguez Brage, Adri Seara, Diana Sobrado, Jose Souto e Mar Vieites fixeron as portadas dos artigos. Mar Vieites fixo ademais a cuberta e o anxiño do encabezado das páxinas pares (inspirada no capitel da Casa dos Espellos e da Casa Tquilla). Jose Souto debuxou o escudo de Betanzos da seguinte páxina (tomado do cartel das festas de Betanzos do 1934 obra de Camilo Díaz Baliño) a filigrana do índice (inspirada nos mosaicos de azulexos da Casa dos Espellos), a ilustración das palabras chave (inspirada na Fonte das Catro Estacións) e encargouse de maquetar.

## PERIODICIDADE&CALL FOR PAPERS

Casa dos Espellos é unha revista anual que recibe os seus artigos antes do 31 de outubro.

## CONTACTO

Podes suscribirte á publicación de novos números, enviar traballos ou solicitar información nos seguintes medios de contacto:




[www.casadosespellos.gal](http://www.casadosespellos.gal)



[facebook.com/casadosespellos/](https://facebook.com/casadosespellos/)



[casadosespellos@gmail.com](mailto:casadosespellos@gmail.com)



**Fontes documentais arredor dos García Naveira (III): A orixe das Escolas e o Asilo García Irmáns**

pax 8 - 31

Ángel Arcay Barral e Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

**0 Parque do Pasatempo na revista *Vida Gallega***

pax 32 - 41

Daniel Lucas Teijeiro Mosquera

**El panorama de las exposiciones universales**

pax 42 - 53

Fanny Bourdón Fernández

**Aproximación ó folclore a través do Proxecto “Escoitar, Aprender e Compartir”**

pax 54 - 63

Fátima López Freire e Sara Fraga Pérez

**A Casa do Povo de Betanzos**

pax 64 - 67

Xesús Torres Regueiro

**0 Parque do Pasatempo no arquivo familiar de Bernardino Machado, presidente da República Portuguesa**

pax 68 - 89

Ángel Arcay Barral e Joana Rosas Amoroso

**Comprometámonos co Pasatempo: unha proposta de Aprendizaxe-Servizo dende o ámbito educativo**

pax 90 - 103

Sara Pajón Soto, Miguel Giadás Quintela, Erea Blanco Balvís e Paula Cousillas Pena

**Donde che van as cores? 0 traxe tradicional galego como indicador do estado civil**

pax 104 - 121

Sara Fraga Pérez

**Dos maestras de Betanzos purgadas como izquierdistas por el franquismo**

pax 122 - 129

Jesús Manuel García Díaz

**El balneario como ciudad ideal. El ejemplo de Cabreiroá**

pax 130 - 139

Carlos Barja Márquez

**Contexto e prexuízo no Parque do Pasatempo**

pax 140 - 151

Ricardo Varela Fernández

**Un intento de situar á cidadanía no centro da creación contemporánea**

pax 152 - 163

Fran Quiroga

**Reseña: Lourenzo Fernández Prieto, Antonio Míguez Macho (eds.) (2019).  
Golpistas e verdugos de 1936. Historia dun pasado incómodo. Ed. Galaxia, Vigo**

pax 164 - 173

Adrián Feijoo Sánchez

**Manteniendo la memoria: las postales del Pasatiempo**

pax 174 - 202

Juan Antonio Rodríguez Arnao



O PARQUE DO PASATEMPO NA REVISTA  
VIDA GALLEGA



## O Parque do Pasatempo na revista *Vida Gallega*

**Daniel Lucas Teijeiro Mosquera**

Historiador da Arte

Ilustracións: **Diana Sobrado**

### Resumo

A revista gráfica *Vida Gallega* fundada polo xornalista vigués Jaime Solá Mestre é unha excelente fonte documental para o estudo da sociedade galega nas primeiras décadas do século XX. Con especial repercusión, a construción do Parque do Pasatempo de Betanzos non podería ficar inadvertida nas fotografías da revista realizadas polo célebre fotógrafo Ksado, así como polo coruñés Ángel Blanco e o compostelán Guillermo. Por este motivo, no presente artigo amósanse as súas fotografías realizadas no parque promovido por Juan García Naveira, a través das cales se poden identificar esculturas descoñecidas até este momento e, en xeral, diversos aspectos que enriquecen a investigación sobre o parque enciclopédico brigantino.

**Palabras chave:** Parque do Pasatempo, *Vida Gallega*, fotografía, Ksado, esculturas.

### Abstract

The graphic magazine *Vida Gallega* founded by the Vigo journalist Jaime Solá Mestre is an excellent documentary source for the study of Galician society in the first decades of the 20th century. With special repercussion, the construction of the Pasatiempo's Park of Betanzos could not be left unnoticed in the photographs of the magazine taken by the famous photographer Ksado, as well as by Ángel Blanco and Guillermo. For this reason, this article shows his photographs taken in the park promoted by Juan García Naveira, through which unknown sculptures can be identified until now and, in general, various aspects that enrich the research on the encyclopedic park brigantine.

**Keywords:** Pasatiempo's Park, *Vida Gallega*, photography, Ksado, sculptures.

## 1. O Parque do Pasatempo en tres exemplares de *Vida Gallega*

Rematada a construción do Parque do Pasatempo contra 1915, Betanzos gozaba doutro monumento digno de incluír no seu amplo repertorio patrimonial da vila. A admiración na sociedade foi fonda, transcendendo a outros puntos do país. Neste contexto, o recoñecido fotógrafo Ksado amosaría o parque enciclopédico na revista viguesa *Vida Gallega* até en tres ocasións –o 25 de xaneiro de 1918, o 10 de febreiro de 1919 e o 1 de marzo de 1922–, pero tamén se fixaron outros fotografías como Ángel Blanco –o 10 de agosto de 1926– ou Guillermo –o 30 de setembro de 1932–.

Coa recompilación das fotografías realizadas para cada unha destas cinco tiradas, albíscase un Pasatempo moi diferente ao actual. Non

soamente se observan partes desaparecidas –xa coñecidas entre as lectoras e os lectores de *Casa dos Espellos*–, senón que tamén se atoparon dúas esculturas descoñecidas até este momento.

## 2. *Vida Gallega*: a revista gráfica do vigués Jaime Solá Mestre

Previamente, cabe facer fincapé na importancia de *Vida Gallega: Ilustración Regional*, popularmente coñecida como *Vida Gallega* após as súas primeiras edicións. Fundada polo xornalista vigués Jaime Solá Mestre, esta tivo unha longa vida, pois existiu desde 1909 até 1938. Ao longo dos seus 697 números estivo repleta de éxito grazas ao prestixio do contido gráfico que ofrecía. É que membros de xornais asentados como



*La Voz de Galicia*, *El Diario de Pontevedra* ou *La Concordia de Vigo* se marabillaban polos centos de fotografías que amosaba.

Solá, nado en Vigo en 1874 no seo dunha familia viguesa que se enriquecera en Cuba, fixo de *Vida Gallega* unha das revistas de maior repercusión do xornalismo galego. El tiña a teima de achegar a realidade da sociedade galega a todas as clases da poboación autóctona. En realidade, todo isto víñalle da súa experiencia en Madrid, onde coñeceu o mundo xornalístico preparando tiradas cómicas para o diario *El Globo*. Non obstante, tamén salientou a súa participación no xornal *Noticiero de Vigo*, que chegaría a chamarse *Vida Gallega* a partir de 1904 para competir co *Faro de Vigo*.

Para levar a cabo a vontade da creación da revista necesitaba recursos económicos e colaboradores. Por un lado, non tiña problemas económicos, malia ter que se imprimiren as primeiras edicións en Barcelona por mor de falta de medios técnicos. Por outro, sempre se rodeou de egrexios colaboradores de todos os perfís presentes na vida cultural galega, como o emblemático Castelao.

Porén, os fotógrafos foron chave para o éxito da revista, podendo participar tanto os que se declaraban profesionais como os afeccionados; o importante, ao fin e ao cabo, era amosar imaxes cun sentido documental. De feito, con *Vida Gallega* despuntou un amplo abano de fotógrafos, dos que cabería mencionar o vigués José Gil, o pontevedrés Joaquín Pintos, o coruñés Avrillon, o ourensán José Pacheco ou o santiagués Ksado, protagonista do presente artigo.

*Vida Gallega* tamén conseguiu unha enorme popularización fóra do territorio local, transcendendo a fronteira galega con destino á poboación emigrada. É así como se chegou a vender en cidades de ultramar como Montevideo, La Habana, Buenos Aires e New York, ou en peninsulares como Lisboa e Madrid. Polo tanto, o Pasatempo e Betanzos tamén traspasaron fronteiras.

### 3. Ksado fotografía o Pasatempo

Das fotografías do Pasatempo para *Vida Gallega* encargáronse tres fotógrafos en distintos anos: Ksado, Ángel Blanco e Guillermo. De entre estes tres cabe facer fincapé no primeiro, xa que é un dos fitos da historia da fotografía de Galicia demostrando a súa admiración patrimonial por Betanzos e, concretamente, polo Pasatempo.

Luis Casado Fernández (Ávila, 1887 - Santiago, 1972), coñecido polo alcume artístico Ksado, formouse cun fotógrafo relevante, Augusto Guedes Pacheco, con quen coñece en Vigo a outro fotógrafo referencial, Jaime Pacheco. Estas amizades servíronlles para pórse en contacto con Jaime Solá e colaborar en *Vida Gallega* desde a fundación até o fin da revista.

Ademais de ser un fotógrafo profesional que tiña o seu estudio no número 23 da Rúa do Vilar en Santiago, o seu labor como reporteiro gráfico foi notorio. Alén de *Vida Gallega*, tamén traballou para prestixiosos xornais como *El Pueblo Gallego*, *ABC*, *La Vanguardia* ou *La Noche*, entre outros. O seu estilo baseábase no hieratismo, frecuente nos fotógrafos coetáneos, e na tradición pictorialista francesa. Traballador incansable, tirou máis de millón e medio de placas ao longo da súa vida (Sendón Trillo e Suárez Canal, 1992; Iglesias Castelao, 2018).


O que principalmente lle gustaba fotografar eran eventos deportivos e exteriores con monumentos. Así pois, a súa obra cimeira foi *Estampas de Galicia*, un álbum publicado en 1936 con 405 fotografías nas que presenta as paisaxes e modos de vida da sociedade galega e que recompilou ao longo de moitos anos.

### 4. Os exemplares de *Vida Gallega* nos que aparece o Pasatempo

#### 4.1. Exemplar do 25 de xaneiro de 1918

A primeira vez que aparece o Pasatempo en *Vida Gallega* é o 25 de xaneiro de 1918 (Fig 1). Son dúas fotografías: unha mostra o león colosal, cun personaxe embaixo sen identificar, e a outra o Estanque do Retiro, ao que no pé de foto chama «lago».






(Fig. 1) Ksado (1918). *Fotografías da terraza do León Colosal e do Estanque do Retiro.* Vida Gallega. Vigo.

Estas fotografías de Ksado son moi importantes, porque mostran o esplendor que tiña o Pasatiempo hai cen anos, diferindo drasticamente coa situación actual. Porén, se ben a fotografía do Estanque do Retiro contén moitas pezas desaparecidas –xa analizadas polo presente autor no anterior número de *Casa dos Espellos*–, cómpre salientar a do león colosal. Contra a marxe esquerda desta identifícanse dúas esculturas descoñecidas até o momento: a réplica da célebre estatua do Espiñario e a representación dunha aguia (figs. 2 e 3).

Por unha banda, a figura do neno sentado nas rochas é unha copia da célebre escultura do Espiñario, tamén coñecida como Neno da Espiña ou Fedele. A obra orixinal é un bronce helenístico realizado na Antiga Grecia nunha data indeterminada do século I a.C., que representa, segundo Brunilde Sismondo Ridgway –recoñecida arqueóloga italiana especialista en escultura grega antiga–, un neno sentado que se está a quitar a espiña da planta do seu pé esquerdo (Ridgway, 1979: 132-133), tal e como se copiou para o Pasatiempo. Actualmente o



(Fig. 2) Ksado (1918). *Detalle da fig. 1 sinalando o Espiñario e a aguia.* Vida Gallega. Vigo.



(Fig. 3) Fía. do autor (2019). *Localización na que terían que estar o Espiñario e a aguia se se conservasen.*




Espiñario non se conserva, descoñecéndose cando desapareceu do parque. Así e todo, polo de agora non se poden corroborar afirmacións sobre a súa autoría e localización actual, por iso hai que establecer as seguintes hipóteses.



(Fig. 4) S.A. Fonderies d'Art du Val d'Osne (1900). *Prancha 576. Album n°2 – Fontes d'art. París.*

En canto á súa autoría, podería ser de grande utilidade considerar os recentes estudos comparativos entre as esculturas do Pasatempo e os modelos para producir en serie nas fábricas de fundición francesa do século XIX, publicados nos números 1 e 2 de *Casa dos Espellos* polo presente autor. Segundo esta teoría, é probable que o Espiñario do Pasatempo fose unha copia dun modelo pertencente á fundición francesa do Val d'Osne, xa que se ofrece á venda na prancha litográfica 576 do *Album n°2 – Fontes d'art* (fig. 4). Ademais, cómpre mencionar que a peza orixinal do Espiñario se depositara no Louvre en 1815 logo de conseguila Napoleón nas súas expedicións. Estando a obra orixinal en Francia, é probable que fora copiada por algún artista contratado por unha das devanditas fábricas co obxectivo de imitala para despois vender a copia. No entanto, na actualidade o Espiñario orixinal consérvase nos Museos Capitolinos de Roma.

En canto á localización actual da copia do Pasatempo, nos antigos xardíns do Sanatorio Marítimo Nacional de Oza consérvase un exemplar practicamente idéntico (fig. 5). A primeira vez que se ten constancia do Espiñario de Oza é nunha



(Fig. 5) Fía. do autor (2019). *Espiñario do xardín do Sanatorio Marítimo de Oza (A Coruña).*

postal da década de 1920 conservada no Arquivo Municipal da Coruña (fig. 6), aínda que non se pode certificar que este sexa o mesmo que o do Pasatempo. Ademais, o de Oza aséntase sobre unha pequena plataforma enriba do pedestal, a cal o do Pasatempo semella non ter.

Fose como for, o Espiñario foi unha escultura recorrente na ornamentación de exteriores ao longo da historia da arte, habendo incontables copias en moitos xardíns. De feito, no Pazo da Ribeira, en Carral, hai un coroando o centro do labirinto de buxos deseñado polo xardineiro francés Mathias Thieble (Sánchez García, 2008: 68-75).



(Fig. 6) Descoñecido (década de 1920). *Sanatorio Marítimo Nacional de Oza. Un rincón del Parque.* AMC, Colección de postais da Coruña, sign. 466. Heliotipia de Kallmeyer Gautier, Madrid. Branco e negro. 9 x 14 cm.



(Fig. 7) J. L. Vega (1947). *Fotografía coa aguia*. AHPLU, Colección Vega, sign. 1080-15. Branco e negro.




(Fig. 9) S.A. Fonderies d'Art du Val d'Osne (1900). *Album n°2 - Fontes d'art*. París. Prancha n. 645.

Por outra banda, aínda que coa fotografía de *Vida Gallega* se identifica unha aguia, tamén existía outra seguramente idéntica noutra das rochas da mesma terraza. Neste sentido, na colección do fotógrafo lugués de José Luis Vega (fig. 7), pertencente ao Arquivo Histórico Provincial de Lugo e estudada por Rodríguez Arnao para o *Anuario Brigantino* de 2015, consérvase unha fotografía de 1947 que amosa a outra aguia. Malia non se conservar ningunha das aguias actualmente, a partir desta fotografía de Vega pódese albiscar a fisionomía desta peza zoomorfa desaparecida do Pasatempo. Con todo, na colección Delgado Guisasola do Arquivo Municipal de Lugo hai unha fotografía na que se ven estas dúas aguias, de maneira que así se pode comprender a localización na que estaban en orixe (fig. 8)

En canto a unha documentación que puidese atinxir á aguia, tampouco se conserva nada. Non en balde, seguindo coa hipótese das copias de modelos para producir nas fábricas de fundición francesas, aparece unha representación semellante na prancha litográfica 645 do antedito *Album n°2 - Fontes d'art* (fig. 9). Malia que a aguia do catálogo francés non é idéntica á do Pasatempo, hai semellanzas na súa morfoloxía, trocando unicamente a disposición da cabeza e a bóla como baseamento; de todas maneiras, a nitidez da fotografía de Vega é insuficiente para corroborar a vinculación francesa. Se se corresponden a aguia do Pasatempo coa do catálogo, trataríase dun modelo deseñado polo artista francés Charles Valton, coñecido por esculpir figuras de animais.



(Fig. 8) Descoñecido (1927). *Finca "El Pasatempo"*. AMLU, colección Delgado Guisasola, sign. 2315.1. Positivo. Branco e negro. 7 x 11 cm.



(Fig. 10) Fía. do autor (2019). *Microespazo para contemplar as esculturas desaparecidas do Espiñario e da aguia*.



(Fig. 11) Ksado (1919). *Fotografía do Muro das Viaxes*. *Vida Gallega*. Vigo.

Con todo, coñecendo estas dúas esculturas compréndense outros recunchos do parque. Así pois, desde un dos microespazos da terraza do León Colosal unha balaustrada gaudiana serve como balcón para a contemplación de ambas as dúas figuras (fig. 10), como se fose un palco escénico.

#### 4.2. Exemplar do 10 de febreiro de 1919

A seguinte fotografía de Ksado en *Vida Gallega* publícase o 10 de febreiro de 1919. Tan só é unha imaxe realizada desde un antigo miradoiro que había enriba da Gruta da Recoleta (fig. 11). A mosca de novo o León Colosal, pero tamén os relevos das viaxes de Juan García Naveira e o miradoiro de fundición ao fondo. En xeral albíscase un estado de conservación idóneo.

#### 4.3. Exemplar do 1 de marzo de 1922

As catro fotografías de Ksado publicadas o 1 de marzo de 1922 son importantes porque no título que as coroa denomínase ao Pasatempo como «finca-museo» (fig. 12). A cuestión terminolóxica do Pasatempo é un debate aínda por resolver, xa que tradicionalmente tamén se coñecía como «horta de don Juan». Neste sentido, a denominación de «finca» pode vir dada por ser

unha propiedade privada destinada ao público onde había algunhas plantacións, namentres que a de «museo» pode deberse a comparar a beleza e as pezas do recinto con obras de arte.

#### 4.4. Exemplar do 10 de agosto de 1926




Durante os anos vinte pasaban moitos persoeiros destacados pola Horta de don Juan. Testemuña disto é a instantánea do Estanque do Retiro feita polo reputado fotógrafo coruñés Ángel Blanco o 10 de agosto de 1926 (fig. 13). Nela aparecen aviadores militares xunto con parte da corporación municipal da Coruña, entre os que destaca Manuel Casás Fernández, daquela alcalde da cidade herculina e fundador do Instituto de Estudios Gallegos.

#### 4.5. Exemplar do 30 de setembro de 1932

Sobre o pé de foto «Betanzos.— Visita de escolares santiagueses del Colegio Concepción Arenal al parque de los Sres. Garcia» consta outra fotografía dunha excursión académica ao parque enciclopédico (fig. 14), que eran frecuentes. A diferenza das outras fotografías, esta fíxoas o compostelán Guillermo, un fotógrafo afeccionado que colaborou nalgúns ocasións con *Vida Gallega* (Ribao Fernández, 2007: 621 e 623).

VIDA GALLEGA

**Betanzos - La finca - museo Pasatiempo**



Monumento de los Srs. García Hermanos, que construyeron este Museo para subvenir con el producto de las entradas á parte de los gastos del Asilo que fundaron en Betanzos.- Aspectos del estanque.- Carriña Casado, el Sr. Otero Acevedo y otros distinguidos jóvenes al pie del gigantesco león de cemento.— Ftas. Ksado


Con todo, as dúas últimas imaxes contribúen para coñecer a minuciosidade ornamental que posuía cada recuncho do Estanque dos Papas antes de ser destruído. É mostra, pois, da época de esplendor do Pasatiempo, no que as esculturas de bronce se mesturaban coas de formigón nun ambiente húmido e artístico.

### 5. O prestixio do Pasatiempo nos primeiros anos de vida

Saír nas páxinas de *Vida Gallega* era sinónimo de prestixio. Esta revista gráfica é un fito para o coñecemento da vida cotiá da sociedade galega no primeiro terzo do século XX, unha época histórica convulsa e cambiante. A aparición do Pasatiempo na revista de Solá indicaba a importante repercusión que tiña en toda Galicia desde que se acabou de construír até finar don Juan en 1933.


A publicidade que anuncia o parque en *Vida Gallega* pode demostrar que podía entrar a el calquera público. As persoas que acudisen verían un parque completamente distinto ao que agora se contempla: en canto á paisaxe, o contorno que arrodeaba o parque era completamente distinto; en canto ao contido do recinto, habería moitas máis esculturas, como as identificadas para este artigo. Secasí, o espolio que sufriu o parque no devagar das décadas fixo que pezas como o Espiñario ou a aguia, así como todas esas vivencias de recoñecidos personaxes como Ksado, desapareceran da memoria colectiva. En definitiva, a ausencia de documentación escrita fai que a fotografía e outras fontes gráficas sexan totalmente relevantes para o estudo do parque enciclopédico.

(Fig. 12) Ksado (1922). Betanzos. La finca-museo del Pasatiempo. Vida Gallega. Vigo.



BETANZOS.— Los aviadores militares en el parque de los Sres. García Naveira, acompañados del alcalde y varios concejales de la Coruña.—*Fia. A. Blanco.*

(Fig. 13) Ángel Blanco (1926). *Betanzos.— Los aviadores militares en el parque de los Sres. García Naveira, acompañados del alcalde y varios concejales de la Coruña.* *Vida Gallega*. Vigo.



(Fig. 14) Guillermo (1932). *Betanzos.— Visita de escolares santiagueses del Colegio Concepción Arenal al parque de los Sres. García.* *Vida Gallega*, Vigo.

## BIBLIOGRAFÍA

- IGLESIAS CASTELAO, Carlos (2018). «Luis Casado en Ourense». *Raigame: Revista de arte, cultura e tradicións populares*, n. 42. Ourense, Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo e Deputación Provincial de Ourense, pp. 39-50.
- KSADO (1936). *Estampas de Galicia*. Vigo, Estudios Ksado.
- RIBAO FERNÁNDEZ, Roberto (2007). *A fotografía na revista Vida Gallega. Un silandeiro universo de sentido*, Tese de Doutoramento dirixida por Margarita Ledo Andión. Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.
- RIDGWAY, Brunilde Sismondo (1970). *The Severe Style in Greek Sculpture*. Princeton, Princeton University Press.
- RODRÍGUEZ ARNAO, Juan Antonio (2015). ««EL PASATIEMPO» visto por Vega en 1947». *Anuario Brigantino*, n. 38. Betanzos, Concello de Betanzos, pp. 455-472.
- SÁNCHEZ GARCÍA, Jesús Ángel (2008). *Xardíns das Mariñas*. A Coruña, Fundación Juana de Vega e Asociación GAL Terra das Mariñas.
- SENDÓN TRILLO, Manuel, SUÁREZ CANAL, Xosé Luis (1992). *Álbum Ksado*. Vigo, Centro de Estudos Fotográficos de Vigo.
- SOLÁ MESTRE, Jaime (coord.) (1918/1/25). *Vida Gallega*, n. 100. Vigo, s.n.
- SOLÁ MESTRE, Jaime (coord.) (1919/2/10). *Vida Gallega*, n. 121. Vigo, s.n.
- SOLÁ MESTRE, Jaime (coord.) (1922/3/1). *Vida Gallega*, n. 192. Vigo, s.n.
- SOLÁ MESTRE, Jaime (coord.) (1926/8/10). *Vida Gallega*, n. 313. Vigo, s.n.
- SOLÁ MESTRE, Jaime (coord.) (1932/9/30). *Vida Gallega*, n. 534. Vigo, s.n.









# NORMAS DE PUBLICACIÓN

## TEMA

CasadosEspellos: Revista poliédrica da cultura galega é unha revista anual de Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Antropoloxía e Literatura, podendo admitir outras temáticas segundo o criterio do seu Comité Científico.

## TRABALLOS

Publicaranse traballos orixinais e inéditos, podendo reeditar traballos que contén un interese especial para a nosa temática. Non se aceptarán para a súa valoración traballos que foran publicados noutros medios ou estean en proceso de ser aceptados para outra publicación.

## PRESENTACIÓN

Os traballos serán presentados por correo electrónico dentro do proceso de recepción de orixinais.

## IDIOMAS

Os idiomas dos traballos poderán ser: galego, castelán, portugués e inglés.

## FORMATO

A extensión máxima será de 10 follas sen ter en conta as imaxes. Entregarase unha copia formato Word ou Open Office, cunha letra Times New Roman a tamaño 12 e cun interlineado de 1,5. As notas ao pé terán un tamaño 10 e interlineado sinxelo. O sistema de citas será o Estilo Harvard, presentando as referencias completas ao final do texto.

O inicio do traballo debe contar cun título, un breve resúmen e cinco palabras clave que definan o traballo, no idioma do texto e a súa respectiva tradución ao inglés.

Noutro documento a parte, deberán aparecer os datos do autor: nome completo, correo electrónico, filiación profesional e unha breve descrición biográfica acompañada dunha imaxe para ser engadida ao apartado de “Colaboradores” da nosa web.

A Bibliografía aparecerá ao final do texto, ordenada alfabeticamente por autores e dentro de cada autor seguirá unha orde cronolóxica. Exemplos:

· Para libros: APELIDOS, Nome (Ano). Título. Lugar de edición, Editorial.

· Para artigos: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do artigo”. En Título da Revista, número. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.

· Para capítulo: APELIDOS, Nome (Ano). “Título do capítulo”. En APELIDOS, Nome. Título do libro. Lugar de edición, Editorial, Páxinas.

· Para notas de prensa: Título da publicación, data, número, páxina. Título da nota ou da imaxe.

· Para fotografías: APELIDOS, Nome (Ano). Título da fotografía. Medidas. Fondo.

· Para cuadros: APELIDOS, Nome (Ano). Título da obra. Material, medidas. Fondo.

## **IMAXES**

As imaxes empregadas serán de autoría propia, estarán suxeitas a Creative Commons ou virán acompañadas do consentimento do autor para a súa publicación, no caso de ser un terceiro. O formato preferido será TIFF e a resolución mínima esixida será de 300ppp. De non contar ca resolución óptima poden ser desbotadas do artigo.

Non aparecerán no texto, senón que virán adxuntas no correo electrónico, cunha sinalización numérica (Fig. 1, Fig. 2, etc.) no traballo para que o equipo de deseño coñeza a súa disposición.

## **DIFUSIÓN**

Todos os traballos presentados estarán dispoñibles en plataformas de acceso libre

## **DEREITOS**

Os autores sempre serán os responsables legais dos seus textos. Non se poderá esixir ningún tipo de remuneración económica.

## **REVISIÓN**

Será decisión do Comité Científico consultado, a publicación definitiva de cada traballo, tratando sempre de corrixir xunto co autor todos aqueles erros que sexan advertidos.

Os artigos de investigación estarán avaliados por dous expertos externos á Revista, mediante un sistema de dobre cego, sendo anónimo o proceso tanto para o autor coma para quen o avalíe.

A revista comprométese a adoptar unha decisión sobre a publicación de orixinais nun prazo de seis meses, reservándose o dereito de publicación nun prazo dun ano, dependendo sempre das necesidades da revista.

Casa dos Espellos contactará cos avaliadores aos que lles remitirá unha copia do texto sen indicio directo da identidade do autor e un modelo de informe no que se poida avaliar o contido do artigo, os aspectos formais, a calidade do texto, a clasificación tipolóxica no que deberemos encadralo e un veredicto no que se aconselle ou non a súa publicación ou a súa corrección. Estes datos poden ser enviados ao autor, tamén de forma anónima para o seu coñecemento e para favorecer as eventuais modificacións.

## **CORRECCIÓN**

Casa dos Espellos conta cun Comité de Redacción que revisará todos os textos e poderá propoñer modificacións nos mesmos aos autores, que disporán dun prazo máximo de dúas semanas para solventar os erros indicados. Non se permitirán cambios sustanciais do texto entregado.

— O feito de participar na revista, garante aceptación e o cumprimento destas normas —

